

R E V I S T A O R A L

O PAZO DAS MUSAS

Nº 10 / 28 de xuño de 2007

Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo (integrado na Rede Museística Provincial da Excma. Deputación provincial de Lugo). Hora: **20 horas**. Lugar: **Refectorio do Museo Provincial de Lugo**. Duración aprox.: **1,30 h**. Deseño gráfico e animación dixital: **tatata**. Coordina: **Antonio Reigosa**

O Museo Provincial de Lugo creouse por acordo da Excma Deputación Provincial de Lugo o 28 de febreiro de 1932 e inaugurouse oficialmente o 10 de xaneiro de 1934. O *Pazo das musas* súmase aos actos conmemorativos deste 75 aniversario dedicando parte dos seus contidos ás persoas, coleccións e historia desta institución trascendental para a o coñecemento e a cultura.

SUMARIO

Portada musical

Minuetto (L. Van Beethoven)

Intérprete: **Oles' Sauchuk** (viola) (3')

Memorias do Museo: Historia

O Museo Provincial de Lugo na prensa entre 1932 e 1934, por **Fernando Arribas Arias** (12')

Música

Cantiga LXXVII (Alfonso X, O Sabio)

Intérprete: **Oles' Sauchuk** (violín) (3')

Poesía

Mar, por **Paco Rivas** (5')

Memorias do Museo: Coleccións

A colección de arte africana de Xoán Anllo, por **M^a del Rosario Fernández González** (12')

Música

Humoresque (A. Dvorák)

Intérprete: **Oles' Sauchuk** (viola) (3')

Rostros do Museo

A sorte do paxariño, relato de Antonio Reigosa baseado na obra *Retrato de M^a Victoria de Ron y Pascual* de **X. Corredoyra**. Lectura de **M^a de las Mercedes Salvador Castañer** (8')

Poesía

Mar e carel, por **Paco Rivas** (5')

Música

Partita re menor (J. S. Bach)

Intérprete: **Oles' Sauchuk** (violín) (3')

10 anos de libros

No décimo aniversario da Librería Trama, por **Carlos Coira Nieto** (12')

Música

Melodía ucraína (M. Skoryk)

Intérprete: **Oles' Sauchuk** (viola) (3')

Poesía

O mar..., amor, por **Paco Rivas** (5')

Opinión

Intervención libre do público asistente (3')

Epílogo

Por **Encarna Lago**, Xerente da *Rede Museística* da Excma. Deputación Provincial de Lugo (5')

Contraportada musical

Foliada de Vilalba, Muiñeira de San Paio, Muiñeira de Chantada (Tradicionalis galegas) Intérprete: **Oles' Sauchuk** (violín) (3')

COLABORAN NESTE NÚMERO**Arribas Arias, Fernando**

Profesor de EXB e Licenciado en Humanidades, traballa como Técnico de Difusión no Museo Provincial de Lugo. Etnógrafo e Historiador de Cine, leva publicados diversos traballos sobre a sétima arte en Lugo e sobre os cruceiros da Terra Chá. Conferenciante e investigador, actualmente prepara a súa Tese de Doutoramento sobre os cruceiros galegos.

Fernández González, M^a del Rosario

Nacida en Lugo en 1968, é licenciada en Xeografía e Historia, especialidade de Museoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Desde hai nove anos ocupa praza de responsable da Sección de Artes Decorativas e Etnografía no Museo Provincial de Lugo. Foi comisaria de varias exposicións etnográficas en Italia e Polonia, así como no propio centro de traballo.

Fran (Francisco José García Barcia)

Cantautor nacido en 1973. Participou en diversos concertos, festivais e certames musicais. En 1994 editou a primeira maqueta de *Sombras*, e en 1996 un disco compacto co título *Íntimo*. Mereceu o Primeiro Premio no VII Certame Galego da Canción celebrado en Pontearreas en 1996 e foi finalista no VI Festival da canción do Landro en 1997.

Librería Trama

A Librería Trama abriu as súas portas o 24 de maio de 1997, día dos Milagres de Saavedra, logo dunha noite na que a terra tremeu, coa vocación de ser algo máis que un despacho de libros. De feito, dende o principio, o pouco espazo que daquela tiña a librería serviu tamén para acoller contacontos, obradoiros para nenos, encontros de escritores, presentación de libros, cursos... No ano 2003 ampliouse o local gañando espazo non só para libros senón tamén para esas outras actividades que fan de Trama un lugar de encontro

cultural. Dende a ampliación, na que habilitamos unha sala para estes encontros, desenvólvese unha programación constante. No décimo aniversario, que ven de celebrarse estes días, Trama quixo agasallar aos seus clientes cun pequeno libro titulado *10 ANOS, 10 HISTORIAS*, ilustrado por Noemí López e no que dez autores amigos dos libros e da librería escribiron outros tantos contos.

Rivas, Paco

Filólogo, profesor, traductor e escritor. Autor de numerosos estudos diácticos, colabora habitualmente nos medios de comunicación. Como poeta é autor de *Cantaruxos do meu mar e outras cantigas* (1999) e *De ti, perdidamente* (2002). Como filólogo é autor do *Diccionario do mar. Así falan os mariñeiros* (2005). Escritor vocacionalmente moi sensible ao mar e ao mundo mariñeiro. Recentemente publicou *Contos de onte para contar mañá* (2007) e *Palabras perdudas* (2007), ambos editados pola Deputación Provincial de Lugo.

Salvador Castañer, M^a de las Mercedes

Licenciada pola Universidade de Santiago en Xeografía e Historia, especialidade de Arte Moderna e Contemporánea e Museoloxía. Desde 1989 é bibliotecaria do Museo Provincial de Lugo. Cofundadora do Colectivo Cultural “María Castaña” e membro do Equipo de Investigación Etnográfica “Chaira”. Foi relatora en numerosos cursos con temas do mundo bibliotecario e etnográfico. En 1996 publica “Archivo del Museo provincial de Lugo. Marcas de Agua, siglos XV y XVI”, no tomo I de *Marcas de Agua en Documentos de los Archivos de Galicia hasta 1600*; como membro de Chaira é coautora de *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* (1998) e *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín* (2004).